

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

10691 Orde AAA/1772/2012, do 2 de agosto, pola que se modifican os anexos, IV, V, VIII, X e XI do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro.

O Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais e se modifica o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, codifica todas as normas referentes ao rexistro de variedades comerciais e aos rexistros de inscrición de diferentes grupos de especies, e incorpora ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2009/145/CE da Comisión, do 26 de novembro de 2009, pola que se establecen determinadas excepcións para a aceptación de razas e variedades autóctonas de plantas hortícolas que fosen tradicionalmente cultivadas en localidades e rexións concretas e se vexan ameazadas pola erosión xenética, e de variedades vexetais sen valor intrínseco para a produción de cultivos comerciais, pero desenvolvidas para o cultivo en condicións determinadas, así como para a comercialización de sementes das ditas razas e variedades autóctonas.

Así mesmo, o Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, incorpora tamén ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2010/46/UE da Comisión, do 2 de xullo de 2010, que modifica as directivas 2003/90/CE e 2003/91/CE, polas que se establecen disposicións de aplicación para os fins do artigo 7 da Directiva 2002/53/CE e do artigo 7 da Directiva 2002/55/CE, ambas as dúas do Consello, con respecto aos caracteres que os exames deben analizar como mínimo e ás condicións mínimas para examinar determinadas variedades de especies de plantas agrícolas e hortícolas.

Por outra banda, a Directiva de execución 2012/8/UE da Comisión, do 2 de marzo de 2012, modifica a Directiva 2003/90/CE, pola que se establecen disposicións de aplicación para os fins do artigo 7 da Directiva 2002/53/CE do Consello, con respecto aos caracteres que os exames deben analizar como mínimo e ás condicións mínimas para examinar determinadas variedades de especies de plantas agrícolas.

Por medio desta orde procédese á incorporación da Directiva de execución 2012/8/UE da Comisión, do 2 de marzo de 2012, modificando os números 6 dos anexos IV e V do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, unicamente naquelas especies que son obxecto de modificación pola directiva.

Non ten sentido incluír na presente orde as especies sobre as cales non houbo solicitude nin inscrición no Rexistro de Variedades Comerciais, o que non obsta para que no futuro se deba ter en conta no caso de que se efectúe unha solicitude de inscrición.

Tampouco se necesita incluír, por se se comercializan en España, variedades dalgún país da Unión Europea, á vista do artigo 33.2 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos. Este precepto establece que as sementes e plantas de viveiro que procedan de Estados membros da Unión Europea e pertencen a especies e categorías reguladas polas directivas comunitarias poderán ser comercializadas libremente, sempre que cumpran todos os requisitos exixidos nelas.

Xunto a iso, por medio da presente orde tamén se modifican os números 6 dos anexos VIII, X e XI do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, xa que os protocolos de exame da Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais (OCVV) foron substituídos polos que se citan na presente orde.

Tanto a modificación das especies nos anexos IV e V como nos anexos VIII, X e XI realizase deixando inalteradas as demais especies actualmente existentes no Regulamento do Rexistro de Variedades Comerciais.

Hai que advertir que por medio do artigo 33.2 do citado regulamento se establece que, no que respecta á distinción estabilidade e homoxeneidade, a realización dos exames oficiais para a admisión de variedades cumprirá as condicións establecidas nos protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade, ditados polo Consello de Administración da OCVV, empregando todos os caracteres varietais que se establecen nos citados protocolos.

Esta orde dítase con base na habilitación normativa contida na disposición derradeira cuarta do Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, que faculta o titular deste departamento para modificar os seus anexos.

Na elaboración da presente orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro.*

Os anexos do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, quedan modificados como segue:

Un. No número 6 do anexo IV modifícase o seu primeiro parágrafo, así como os datos correspondentes ás súas especies que se sinalan a continuación, co seguinte texto:

«6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.

Aquelas variedades das especies que se citan a continuación, que con anterioridade ao 1 de outubro de 2012 iniciasen os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais, poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas nestes protocolos de exame ou, de ser o caso, nos protocolos de exame que se encontraban en vigor ao se iniciar o exame técnico.

Especies que cumpren cos protocolos de exame da OCVV:

Nome científico	Denominación común	Protocolo
<i>Festuca rubra</i> L.....	Festuca vermella.....	TP 67/1/ do 23.6.2011.
<i>Lolium multiflorum</i> Lam.....	Ray-grass Italiano.....	TP 4/1 do 23.6.2011.
<i>Lolium perenne</i> L.....	Ray-grass Inglés.....	TP 4/1 do 23.6.2011.
<i>Lolium x boucheanum</i> Kunth.....	Ray-grass híbrido.....	TP 4/1 do 23.6.2011.

1. O texto destes protocolos pódese consultar na web da OCVV (www.cpvo.europa.eu).

Dous. No número 6 do anexo V modifícase o seu primeiro parágrafo, así como os datos correspondentes á súa especie que se sinalan a continuación, co seguinte texto:

«6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.

As variedades da especie que se cita a continuación, se con anterioridade ao 1 de outubro de 2012, iniciou os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais, poderá ser aceptada se cumpre as disposicións establecidas neste protocolo de exame ou, de ser o caso, no protocolo de exame que se encontraba en vigor ao se iniciar o exame técnico.

Especie que cumpre cos protocolos de exame da OCVV:

Nome científico	Denominación común	Protocolo
<i>Brassica napus</i> L.....	Colza.....	TP 36/2 do 16.11.2011.

1. O texto deste protocolo pódese consultar na web da OCVV (www.cpvo.europa.eu).

Tres. O número 6 do anexo VIII substitúese polo seguinte texto:

«6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.

A aquelas variedades da especie que se cita a continuación, que comezasen as observacións dos seus caracteres antes da data de entrada en vigor deste novo protocolo de exame, este non lles será de aplicación. Resultará de aplicación este novo protocolo de exame para aquelas variedades nas cales as primeiras observacións de caracteres no primeiro ciclo de frutificación se leven a cabo despois da súa entrada en vigor.

Especies que cumpren cos protocolos de exame da OCVV:

Nome científico	Denominación común	Protocolo
<i>Vitis vinifera</i> L.....	Vide.....	TP/50/1 do 1.1.2008.

1. O texto destes protocolos pódese consultar na web da OCVV (www.cpvo.europa.eu).»

Catro. No número 6 do anexo X modifícase o seu primeiro parágrafo, así como os datos correspondentes á súa seguinte especie que se sinala a continuación, co seguinte texto:

«6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.

A aquelas variedades da especie que se cita a continuación, que comezasen as observacións dos seus caracteres antes da data de entrada en vigor deste novo protocolo de exame, este non lles será de aplicación. Resultará de aplicación este novo protocolo de exame para aquelas variedades nas cales as primeiras observacións de caracteres no primeiro ciclo de frutificación se leven a cabo despois da súa entrada en vigor.

Especies que cumpren cos protocolos de exame da OCVV:

Nome científico	Denominación común	Protocolo
<i>Citrus reticulata</i> blanco/ <i>Citrus nobilis</i> Lour. /e híbridos.....	Mandarina.....	TP 201/2 do 9.11. 2009.

1. O texto destes protocolos pódese consultar na web da OCVV (www.cpvo.europa.eu).»

Cinco. O número 6 do anexo XI substitúese polo seguinte texto:

«6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.

A aquelas variedades da especie que se cita a continuación, que comezasen as observacións dos seus caracteres antes da data de entrada en vigor deste novo protocolo de exame, este non lles será de aplicación. Resultará de aplicación este novo protocolo de exame para aquelas variedades nas cales as primeiras observacións de caracteres no primeiro ciclo de frutificación se leven a cabo despois da súa entrada en vigor.

Especies que cumpren cos protocolos de exame da OCVV:

Nome científico	Denominación común	Protocolo
<i>Fragaria x ananassa</i> Duchet.....	Amorodo.....	TP 022/2 do 1.11.2008.

1. O texto destes protocolos pódese consultar na web da OCVV (www.cpvo.europa.eu).»

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva de execución 2012/8/UE, da Comisión, do 2 de marzo de 2012, que modifica as directivas 2003/90/CE, polas que se establecen disposicións de aplicación aos fins do artigo 7 da Directiva 2002/53/CE do Consello e do artigo 7, no que concirne aos caracteres que os exames deben analizar

como mínimo e ás condicións mínimas para examinar determinadas variedades de especies de plantas agrícolas e hortícolas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Será de aplicación a partir da súa entrada en vigor respecto dos números tres, catro e cinco do seu artigo único e a partir do 1 de outubro de 2012 respecto dos seus números un e dous.

Madrid, 2 de agosto de 2012.–O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Miguel Arias Cañete.